

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015111	CPI Aurelio Marcelino Rey García	Cuntis	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	33

## 1. Introducción

A programación é un proxecto de intervención educativa dirixido a un alumnado concreto, nun período de tempo determinado e composta por unidades didácticas ordenadas e secuenciadas. Deste xeito, unha programación axudará a eliminar a improvisación, os programas incompletos e o esforzo inútil permitindo a flexibilidade dos contidos e a adaptación do traballo pedagóxico ás características culturais e ambientais do contexto. A presente programación didáctica ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022, do 15 de setembro de 2022, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O noso centro está situado na rúa José M<sup>a</sup> Lastra nº 3 de Cuntis (Santa María). Neste curso 2023-24 o centro conta con 3 aulas de Educación Infantil, 10 de E. Primaria e 6 de E. Secundaria Obrigatoria que conforman un total de 355 alumnos e alumnas, dos cales 135 son de secundaria.

No CPI traballan 41 profesoras e profesores, a maior parte con destino definitivo no centro. Así mesmo, hai unha auxiliar administrativa, un bedel, un equipo de catro persoas que se encarga de limpar o centro e unha coidadora.

O nivel de 3<sup>o</sup> ESO está formado por 27 rapaces e rapazas. En total hai catro persoas que permanecen un ano máis no mesmo nivel educativo unha persoa coa materia de Lingua galega e literatura pendente do curso anterior.

Alén diso, en 3<sup>o</sup> ESO non hai alumnado exento de Lingua galega e literatura. O alumnado estranxeiro é escaso, pero está bastante ben integrado. Procede tanto das aldeas do municipio como do núcleo urbano do Baño e é de extracción socio-económica media e baixa.

O perfil lingüístico maioritario deste alumnado é monolingüe en galego ou bilingüe con predominio do galego, en tanto que se manifestan comportamentos diglósicos relacionados co suposto valor utilitario do castelán. Tendo en conta isto, a lingua de comunicación entre iguais é fundamentalmente o galego así como coas familias, o profesorado e a súa contorna en xeral. Tamén existe un grupo reducido de bilingües con predominio do castelán que ten esta lingua como inicial aínda que provén dun seo familiar galego-falante, feito que revela a perda da transmisión interxeracional. O problema lingüístico básico son as carencias dunha competencia comunicativa plena: problemas coa ortografía, ausencia de riqueza e variedade léxica, uso só do nivel coloquial (sobre todo na oralidade), insuficiente dominio do estándar, dificultades para elaborar distintos tipos de textos...

Respecto da ANPA, podemos afirmar que mantén unha relación estreita coa vida do centro educativo.

No presente curso escolar o Departamento de Lingua galega e literatura está constituído por:

- Carmiña Blanco Sieira: profesora de lingua galega e literatura, xefa do departamento e coordinadora do EDLG que imparte catorce horas de lingua galega e literatura á semana: oito en 1<sup>o</sup> ESO e seis en 2<sup>o</sup> ESO. É a titora de 1<sup>o</sup> ESO A.
- César Caramés Blanco: profesor novo no centro durante este curso, que imparte seis horas de lingua galega e literatura á semana: tres horas en 3<sup>o</sup> ESO e outras tres en 4<sup>o</sup> ESO; seis horas de Lingua castelá e literatura en 2<sup>o</sup> ESO; tres horas de Filosofía en 4<sup>o</sup> ESO e dúas horas de reforzo educativo nas linguas en 2<sup>o</sup> ESO ao alumnado exento de francés. Ademais é o titor de 2<sup>o</sup> ESO B.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Ondas do mar de Vigo	Na unidade 1 principiamos o curso coa avaliación inicial. Unha vez realizada esta, temos como primeiro obxectivo analizar a realidade da lingua como un fenómeno oral e achegarnos á lingua escrita como principal sistema substitutivo. Exemplificaremos esta evolución a través da canción popular, da cantiga medieval e da canción actual en galego, portugués e catalán. Iniciaremos deseguido o estudo do desenvolvemento histórico social do galego e portugués. Seranos útil un cadro cronolóxico da	15	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Ondas do mar de Vigo	<p>historia da lingua galega e outro da historia da lingua e da literatura medievals galega, portuguesa e castelá. Buscamos un enfoque centrado no estudo da lingua como un patrimonio común que se vai manter ao longo do curso académico coa inserción de recursos en portugués. Avaliarase cunha proba escrita. Nesta unidade iniciamos o estudo da literatura medieval centrándonos na lírica amorosa (cantigas de amigo e de amor). Procuraremos que a literatura sexa entendida como unha forma de divertimento.</p>	15	10	X		
2	Ai dona fea, foste-vos queixar	<p>Nesta unidade continuamos coa lírica medieval mais agora de temática satírica e cos xéneros menores. I. Dedicaremos tamén a unidade á obra de lectura na que buscaremos que o alumnado ademais de realizar unha lectura atenta sexa quen de realizar unha análise crítica daquilo que le e de relacionalo tanto cos seus coñecementos sociolingüísticos como coa súa propia experiencia. Despois de ver as características do texto narrativo e o léxico do medo e arrepíos, elaborarán un relato relacionado co Samaín.</p>	10	11	X		
3	Santa Maria, Strela do día	<p>Dedicaremos a unidade 3 á elaboración do proxecto nº 1 do curso sobre o tema transversal do centro, A nosa Terra. O abandono do rural. O estudo da descrición proporcionaralles ferramentas valiosas para este proxecto. Clausuraremos a literatura medieval coa lírica medieval relixiosa e a prosa. Para o proxecto utilizaremos a táboa de indicadores e unha proba escrita para o resto.</p>	10	14	X		
4	Ai!, esperta, adorada Galicia	<p>Coa unidade 4, comezaremos o segundo trimestre achegándonos ao desenvolvemento social e cultural dos séculos XV a XVIII e do XIX (prerrexurdimento e Rexurdimento). Ao mesmo tempo aproveitaremos para traballar as tipoloxías textuais de esquema, resumo e mapa conceptual. Ao estudo do léxico achegarémonos por dous camiños, dunha banda aprendendo a facer definicións e doutra banda creando constelacións léxicas mediante a utilización da afixación.</p>	5	8		X	
5	Castellanos de Castilla tratade ben ós gallegos	<p>Na quinta unidade, tras o estudo do desenvolvemento histórico social dos Séculos Escuros e do Rexurdimento</p>	15	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Castellanos de Castilla tratade ben ós gallegos	<p>estamos en condicións de afrontar o estudo da figura de Rosalía de Castro e a súa transcendencia literaria e social na nosa cultura.</p> <p>Aprenderemos diferentes estratexias para mellorar os textos centrándonos especialmente na precisión léxica, na ortografía e nas construcións de infinitivo persoal.</p> <p>Por último dedicaremos tamén a unidade ao traballo coa obra de lectura no que buscaremos que o alumnado ademais de realizar unha lectura atenta sexa quen de que realizar unha análise crítica daquilo que le e de relacionalo tanto cos seus coñecementos literarios como coa súa propia experiencia.</p>	15	12		X	
6	Cando penso que te fuches, negra sombra que me asombras	<p>Dedicaremos a unidade 6 á elaboración do proxecto nº 2 do curso neste caso dedicado á creación literaria a partir do estudo da obra rosaliana e tamén da análise das características definitorias da adolescencia na actualidade. O alumnado convértese así en autor e obxecto da creación literaria. Este traballo terá como froito dous produtos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- unha creación poética multimodal na que se integren 3 textos poéticos.</li> <li>- un acto poético colectivo para as aulas do centro no Día de Rosalía.</li> </ul> <p>Podemos sinalar 3 obxectivos para o alumnado no desenvolvemente deste proxecto.</p> <p>1º A creación de tres textos poéticos multimodais orixinais.</p> <p>2º O desenvolvemento de técnicas de recitado poético para un público.</p> <p>3º A integración da obra rosaliana na súa propia proposta poética.</p>	10	13		X	
7	Aí vén o maio de flores cuberto	<p>A unidade 7 é a da discrepancia, a que busca que o alumnado aprenda, en primeiro lugar, que a liberdade de expresión é un dereito fundamental e que pensar diferente non é algo negativo senón unha mostra de quen somos e completamente lexítima. É por iso que resulta fundamental aprender a discrepar ou queixarse de maneira empática e construtiva.</p> <p>Para discrepar, denunciar e reivindicar no marco da literatura ninguén mellor que Curros Enríquez, o gran ollo crítico do noso Rexudimento. Achegarémonos a el a través das súas composicións máis coñecidas para logo ver tamén outros exemplos da</p>	15	8			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Aí vén o maio de flores cuberto	<p>literatura de reivindicación cívica en galego que el iniciou.</p> <p>Por último dedicaremos tamén a unidade ao traballo coa obra de lectura no que buscaremos que o alumnado ademais de realizar unha lectura atenta sexa quen de que realizar unha análise crítica daquilo que le e de relacionalo tanto cos seus coñecementos literarios como coa súa propia experiencia.</p>	15	8			X
8	Que din os rumorosos na costa verdecente	<p>Elaboraremos o proxecto nº 3 do curso dedicado aos textos orais e escritos de carácter xornalístico, concretamente á reportaxe de temática social.</p> <p>Esta investigación terá como froito dous produtos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Unha revista coas reportaxes multimodais realizadas polo alumnado.</li> <li>- Unha canle ou serie de podcast con entrevistas de temática social.</li> </ul> <p>Os obxectivos para o alumnado neste proxecto son:</p> <p>1º O estudo da presenza das temáticas sociais nos medios de comunicación.</p> <p>2º A elaboración dunha reportaxe multimodal.</p> <p>3º O perfeccionamento da interacción de carácter oral en contextos formais.</p> <p>4º O traballo cooperativo nun proxecto de aprendizaxe de servizo que denuncia inxustizas sociais e/ou pon en valor persoas e colectivos que melloran a nosa sociedade.</p> <p>Nesta unidade inclúese tamén a figura de Pondal e a celebración da Semana das Letras Galegas, dedicada a Francisco Fernández del Riego, unha persoa que salientou polo traballo a prol da nosa cultura e que forma parte dos nosos camiños de mellora.</p>	15	20			X
9	Volvemos despois da publicidade	<p>A unidade 9 céntrase no Bloque 2: Comunicación e dentro del, no mundo dos medios de comunicación e na publicidade. Trátase de que o alumnado se enfrente de forma consciente á textualidade multimodal dos medios de comunicación, saiba descodificala e identificar a calidade e fiabilidade da información que nos ofrecen sendo quen de localizar o sentido e a intencionalidade así como a presenza de posibles manipulacións.</p> <p>Tamén é importante que ademais de recoñecer as características da información recibida, o noso alumnado sexa quen de realizar unha reflexión coherente sobre esta cuestión na procura dunha cidadanía</p>	5	9			X



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Volvemos despois da publicidade	consciente e crítica. Dedicaremos a segunda parte da unidade á publicidade como o exemplo de textualidade multimodal máis presente tanto nos medios de comunicación tradicionais como nas redes sociais. Para isto cada alumna e alumno deberá analizar tres anuncios da súa escolla (un institucional, un destinado á mocidade e un con usos discriminatorios) nunha exposición.	5	9			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Ondas do mar de Vigo	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	O alumnado, como mínimo, sabe explicar a historia da nosa lingua, a parte diferencial da historia da lingua portuguesa, identifica en textos as diferenzas entre ambas linguas e coñece léxico básico portugués.	PE	100
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	O alumnado, como mínimo, identifica nun texto as características máis básicas dun texto en catalán.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado escribe con corrección ortográfica e precisión léxica e usa correctamente o infinitivo persoal.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado, como mínimo, realiza buscas avanzadas no dicionario da lingua dunha maneira correcta para responder a necesidades lingüísticas concretas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa.</li> <li>- Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal.</li> <li>- Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Ai dona fea, foste-vos queixar	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado, como mínimo, realiza tras a lectura íntegra dunha obra literaria , unha análise apropiada da obra.	PE	100
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, comprende e analiza nunha cantiga medieval a finalidade, a temática, as personaxes, o xénero e subxénero de maneira satisfactoria.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado, como mínimo, relaciona o sentido da obra lida coa súa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado, como mínimo, pon en relación unha cantiga coa literatura da época, coa evolución do xénero e coa arte actual dunha maneira satisfactoria.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado, como mínimo, relaciona a obra de lectura con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou a súa forma.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo, identifica nun texto as diferentes unidades lingüísticas e as funcións que as constitúen.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado, como mínimo, localiza e explica a funcionalidade dos recursos formais nunha cantiga medieval.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> <li>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d</li> <li>- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Santa Maria, Strela do día	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	O alumnado no traballo de investigación, como mínimo, identifica e cuestiona os prexuízos e estereotipos lingüísticos con actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística.	TI	100
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado, como mínimo, entrega o traballo de investigación nº 1 en formato dixital sobre o tema transversal do centro respectando os requisitos formais e de contido indicados previamente.		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, como mínimo, entrega o traballo de investigación en formato dixital respectando a coherencia, cohesión e adecuación textuais, co corrector pasado e sen erros propios da falta de lectura atenta (p.ex. letras repetidas, palabras unidas, faltas de espazos...).		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado expón oralmente a investigación nº 1, como mínimo, en rexistro culto, con fluidez, coherencia e cohesión, con uso correcto dos elementos non verbais e con contido apropiado e de interese.		
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado debe na súa exposición oral, como mínimo, utilizar de maneira correcta todo o paradigma verbal atendendo especialmente ao emprego axeitado do infinitivo persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade.</li> <li>- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias.</li> <li>- Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul>

## Contidos

- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...).
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. A aposición.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
4	Aí!, esperta, adorada Galicia	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo recoñece os diferentes afixos para a mudanza de categoría e o seu significado e crea constelacións léxicas dunha palabra mediante a utilización de afixos.	PE	20
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, como mínimo, realiza e explica un esquema, un resumo e un mapa conceptual a partir dun texto dado e define algúns dos termos aparecidos nel.	TI	80

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, como mínimo, utiliza nunha explicación oral mecanismos de referencia interna de carácter léxico por nominalización e hiperonimia abstracta.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, valora a presenza dos Séculos Escuros e a etapa do Rexurdimento na nosa historia cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> <li>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d</li> <li>- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.</li> <li>- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Castellanos de Castilla tratade ben ós gallegos	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado, como mínimo, realiza ,tras a lectura íntegra da obra literaria indicada, unha análise apropiada seguindo as indicacións proporcionadas polo profesorado da materia.	PE	80
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado, como mínimo, relaciona o sentido da obra lida coa súa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado, como mínimo, é capaz de poñer en relación a obra rosaliana coa literatura da época, coa evolución do xénero lírico e coa arte actual.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado, como mínimo, relaciona a obra de lectura con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou á súa forma..		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Ao longo da proba o alumnado, como mínimo, emprega en varias ocasións o infinitivo persoal de maneira correcta na forma e coherente no significado en persoas gramaticais diferentes.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, como mínimo, revisa os seus textos tanto lingüística como literariamente de maneira que neles non se poidan detectar erros debidos á falta da revisión apropiada.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, comprende e analiza un texto rosaliano aplicando un modelo de comentario previamente traballado na aula.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> </ul>



## Contidos

- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscristas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e lingua-xes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
6	Cando penso que te fuches, negra sombra que me asombras	13

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado como mínimo crea un espectáculo poético para outras aulas con textos da súa creación no Día de Rosalía.	TI	100
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, recitará de maneira expresiva os textos da súa creación en público.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado, na súa proposta poética multimodal incluírá referencias ou influencias da obra poética doutros autores galegos indicada de maneira expresa nos créditos.		



Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado deberá entregar un traballo textual multimodal de carácter literario sobre algún valor da adolescencia actual poñéndoo en relación coa obra rosaliana e/ou as súas derivacións posteriores.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.</li> <li>- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Aí vén o maio de flores cuberto	8

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado, como mínimo, realiza, tras a lectura íntegra da obra literaria indicada, unha análise apropiada do volume seguindo as indicacións proporcionadas polo profesorado da materia.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, comprende e analiza un texto de Curros aplicando un modelo de comentario previamente traballado na aula.	PE	78
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado, como mínimo, pon en relación a obra de Curros coa literatura da época, coa evolución do xénero lírico e con manifestacións artísticas da actualidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado, como mínimo, relaciona a obra de lectura con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou a súa forma.		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, como mínimo, é capaz de discrepar, queixarse, ordenar e reprobar dunha maneira empática e construtiva.	TI	22
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	O alumnado, como mínimo, demostra que sabe utilizar de maneira adecuada estratexias na resolución dialogada de conflitos de maneira espontánea.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado, como mínimo, relaciona o sentido da obra lida coa súa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> <li>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elementos de continuidade e d</li> <li>- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	Que din os rumorosos na costa verdecente	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, como mínimo, entrega un podcast cunha reportaxe sobre unha iniciativa de mellora social que esperta interese, respecta as características do xénero e segue as instrucións da profesora.	TI	100
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, como mínimo, inclúe unha entrevista a alguén que garde relación coa devandita iniciativa e demostra as súas actitudes de escoita activa e as súas estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	O alumnado ,como mínimo, entrega unha reportaxe que esperta interese e que respecta as características dese xénero textual, sobre unha iniciativa de mellora social.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado como mínimo entrega a reportaxe co corrector pasado e sen erros propios da falta de lectura atenta (p.ex. letras repetidas, repetición de palabras...).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	Volvemos despois da publicidade	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, como mínimo, identifica a calidade e fiabilidade de informacións procedentes dos medios de comunicación dada.	PE	75
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, valora criticamente o sentido e intencionalidade de mensaxes dos medios de comunicación dadas referidas a unha mesma noticia.		
CA2.6 - ocalizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado, como mínimo, localiza posibles manipulacións en contidos procedentes dos medios de comunicación.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado, como mínimo, realiza por escrito unha reflexión coherente sobre as posibles manipulacións nas canles de transmisión de información.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado, como mínimo, analiza satisfactoriamente a significación dos elementos non verbais en mensaxes publicitarias.		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, como mínimo, analiza oralmente nunha exposición de 3 minutos 3 mensaxes publicitarias buscadas por el (unha institucional, unha destinada á mocidade, unha que conteña usos discriminatorios) tanto na súa forma como no seu contido.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Antes de comezar cada unidade, segundo a indicación do pedagogo galego, Miguel Vázquez Freire, trataranse de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan, só así se poderá conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos. De calquera xeito, é preferible aprender poucos conceptos e facelo de xeito rigoroso e non moitos de maneira superficial, como sucede coa aprendizaxe memorística significativa.

Tamén se proporán preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción co/coa docente. É moi relevante para o profesor/a a premisa de ensinar a aprender segundo a cal, a aprendizaxe é un proceso que se desenvolve ao longo da vida, por iso correspóndelle á/ao docente ir dotando o seu alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a buscaren por si mesmos a información que teñen ao seu alcance para que o día de mañá saiban desenvolverse.

#### LIÑAS METODOLÓXICAS:

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. Non esquezamos que a clase de lingua estivo tradicionalmente orientada, na meirande parte dos casos, á realización dunha serie de actividades pouco motivadoras, encamiñadas a conseguir uns contidos formais que dificilmente teñen relación co uso real da lingua.

Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, a metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Segundo a Teoría de Intelixencias Múltiples de Gardner existen diferentes estilos de aprendizaxe, por conseguinte, tratarase na medida do posible de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada polas clases de Lingua Galega e as outras materias que se imparten obrigatoriamente en galego. Por outra parte, somos moi conscientes de que a propia actitude do profesorado inflúe na motivación e rendemento do alumnado, pois como sinalou Jurjo Torres Santomé na súa teoría sobre o currículo oculto, en moitos aspectos, os valores transmitidos informalmente dende as aulas poden ter efectos moito máis determinantes e poderosos que os contidos curriculares explícitos. Teremos isto en conta para que non se produza ningún tipo de desaxuste na conformación do autoconceito nin na traxectoria académica do alumnado.

#### LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

-O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que o capaciten para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente.

-A realización de tarefas complexas, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes para afrontar con éxito as diferentes situacións comunicativas e sexa quen de responder aos retos da sociedade do século XXI, que require persoas cultas, críticas e ben informadas.

-O deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que teñan en conta, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. A análise do sexismo na publicidade, a comparación de escenas de películas, a elaboración de trípticos... servirían como exemplos que hai que seguir.

-O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada persoa teña os seus tempos e os seus espazos de recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

-A énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en practica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades ou de tarefas de ampliación para aquel alumnado que precise afondar máis nos contidos.

-Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.

-O desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

-A potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa. Buscamos a intercomunicación nos dous idiomas con actividades que favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional da mocidade galega. Con este fin, os centros educativos, a través do profesorado de Lingua Galega, o equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros departamentos así como a través de programas internacionais, poderán promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos entre o alumnado galego e lusófono (encontros, concursos, festivais...).

-Traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega, o equipo de biblioteca e o departamento de Bioloxía e Xeoloxía como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

-A proposta de lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, conciencia ambiental, benestar animal...).

-A recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios e evitando a memorización descontextualizada dun conxunto de características, autores e títulos de obras.

-A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquiera os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza, están o cinema, as dramatizacións e representacións teatrais, a radio coas súas múltiples posibilidades (informativos, publicidade, teatro radiofónico...), a música (rap, poemas musicados...) e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual.

-O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través,

por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, adaptacións audiovisuais de relatos etc.

-O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Edicións Xerais de Galicia.
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Edicións Xerais de Galicia.
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Galaxia.
Gómez Sánchez, Anxo e Queixas Zas, Mercedes (2001) Historia xeral da literatura galega. A Nosa Terra.
Gran Dicionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos. Edicións Xerais de Galicia.
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG
WEBS
Aulas Galegas.Galego ( <a href="https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/">https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/</a> )
Casa de Rosalía. Fundación Rosalía de Castro ( <a href="https://rosalia.gal/">https://rosalia.gal/</a> )
Dicionario castelán-galego. Rinoceronte Editora ( <a href="https://rinoceronte.gal/dicionario/">https://rinoceronte.gal/dicionario/</a> )
Dicionario de pronuncia da lingua galega ( <a href="http://ilg.usc.es/pronuncia/">http://ilg.usc.es/pronuncia/</a> )
Dicionario da Real Academia Galega ( <a href="http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do">http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do</a> )
Dicionario visual interactivo ( <a href="http://www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html">www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html</a> )
Fundación Curros Enríquez ( <a href="http://www.currosenriquez.es/">http://www.currosenriquez.es/</a> )
Historia da Literatura Galega. AS-PG ( <a href="http://literaturagalega.as-pg.gal/">http://literaturagalega.as-pg.gal/</a> )
Rosalía de Castro - A Casa de Rosalía de Castro. Lista de Spotify que recolle versións musicadas da obra de Rosalía de Castro ( <a href="https://open.spotify.com/playlist/2SJGaDUGMjdcBouKLBSjiw?si=da61844b3ee1403b">https://open.spotify.com/playlist/2SJGaDUGMjdcBouKLBSjiw?si=da61844b3ee1403b</a> )
Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia ( <a href="http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg">http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg</a> )

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro. A biblioteca do centro ofrece, ademais, obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. sen esquecer a biblioteca do Concello de Cuntis coa que mantemos un contacto estreito neste sentido. En resumo, dispoñemos de:

- Medios audiovisuais: ordenadores, pantallas dixitais, canón, impresoras, tablets...
- Recursos dixitais: os libros de texto tradicionais foron substituídos polo recurso dixital E-Dixgal, que combinaremos con outros recursos dispoñibles na rede e con material elaborado polo profesorado. Ademais, contamos con dicionarios en liña, xornais dixitais e acceso a diversos portais da lingua (Portal da Lingua Galega, Portal das Palabras), blogs, aplicacións etc.
- Material bibliográfico: libros de lectura, dicionarios en papel, xornais, revistas, mapas etc.

Tamén se debe contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o



alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (cadeiras de rodas, elevadores, escada rolante, muletas etc.). Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico, etc. constará das seguintes partes:

- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, a preguntas sobre o seu contido.
- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar a preguntas pechadas sobre o contido dun texto escrito.
- Produción oral. O alumnado realizará intervencións orais a respecto dos contidos e/ou temática do audio ou vídeo proposto.
- Produción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

Á parte disto, a proba incluírá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores referidos ao aprendido no nivel ou etapa anterior.

Se fose posible, poderíase pasar un test sociométrico cuxos resultados nos servirán á hora de facer os agrupamentos para as diferentes actividades do curso.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>5</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	0	20	80	0	78	0	75	<b>53</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	100	80	20	100	22	100	25	<b>47</b>

### Criterios de cualificación:



## Avaliación continua

### a) Probas (80%)

En cada trimestre faranse dúas probas (¿exames¿). Nestas probas serán avaliados os criterios de avaliación sinalados no apartado correspondente de cada curso. A nota máxima con que se cualifican estas probas é dun 80% . En cada pregunta indícarase o valor da mesma.

### b) Lectura obrigatoria por trimestre (10%)

En cada trimestre o alumnado deberá ler, obrigatoriedade, unha obra literaria que determinará a docente. O control desta lectura farase por escrito ou oralmente, segundo criterio da profesora, con varias preguntas relacionadas co contido e coa opinión persoal da obra en xeral e/ou os elementos narrativos en particular (narrador, personaxes principais e secundarios, tempo, espazo...). Constará de varias preguntas e valorarase até 1 punto. Terase en conta o contido sobre a lectura, a redacción, a expresión e a corrección ortográfica.

A final de curso, o alumnado que teña as lecturas non aptas non superará a materia, aínda que a media das probas feitas (exames) e do seu traballo na aula e na casa lle dea para aprobar. Contemplamos a posibilidade de incrementar a nota de cada avaliación con lecturas opcionais; trátase dun incentivo neste tempo de crise lectora.

Preferiblemente serían probas orais (exposicións) que poderían realizarse na hora de clase ou nun recreo. Neste apartado, poderán acadar até 0,5 puntos por trimestre despois de facer a media, independentemente do número de lecturas ás que se presenten voluntarias/os.

É importante aclarar que para poder presentarse ás lecturas voluntarias en cada avaliación cómpre ter apta a lectura obrigatoria da mesma. Desta forma, para que o alumnado interesado se poida organizar mellor, imos realizar as probas de lectura obrigatoria de cada avaliación o máis pronto posible.

### c) Traballo (10%)

Neste apartado referímonos tanto ao traballo de aula coma o de casa. A profesora levará un rexistro do traballo feito polo alumnado na aula por medio da observación diaria. Valorará a actitude cara a lingua, o traballo diario que se lle encomende facer ao alumnado na aula e, moi especialmente, que o alumnado se exprese con corrección nas diferentes interaccións orais dentro da aula: dar opinións persoais, responder acertadamente a preguntas que se lle poidan facer, etc...

## CÓMPRE LEMBRAR...

A docente valorará a calidade da lingua oral (lingua galega estándar e adecuación ao rexistro en cada situación comunicativa, especialmente o rexistro formal) en cada avaliación en todos os cursos da ESO a través da interacción diaria profesora-alumna/o e/ou ben a través de probas orais puntuais.

Nas probas escritas, a docente terá en conta non só o que se di senón como se di, isto é, a expresión, coherencia e cohesión dos escritos así como a limpeza e presentación dos mesmos. Unha proba escrita, contestada correctamente, pero mal redactada e presentada, non se valorará de igual forma ca outra ben contestada tamén, pero con boa expresión, coherente, cohesionada, limpa e ben presentada.

Uso da lingua galega.

Na materia de Lingua Galega e Literatura o uso da lingua galega a nivel escrito e/ou oral é obrigatorio. O uso doutra (s) lingua(s) pode ser motivo para baixar a nota até dous puntos por avaliación cando se faga de maneira reiterada, ou mesmo suspender a materia de non a usar nunca.

Na cualificación das avaliacións, se for preciso, aplicarase o seguinte criterio para o redondeo das notas: se o primeiro decimal é igual ou inferior a 5, a nota redondéase á baixa, así un 3,5 quedará nun 3 ou un 6,4 será un 6.

Pola contra, se ese primeiro decimal é superior a 5 a nota redondéase á alza: un 5,6 será un 6 ou un 7,9 será un 8. Para aprobar cada avaliación o alumnado deberá sacar un 5 como mínimo; daquela, unha nota inferior a este resultado é un suspenso.

Para aprobar a materia a final de curso, terá que sacar un 5 como mínimo despois de facer a media ponderada das tres avaliacións.

### **Criterios de recuperación:**

A recuperación dos libros de lectura que estean suspensos farase durante a primeira semana á volta do período vacacional (Nadal e Semana Santa). De seguir suspensos, terán unha derradeira oportunidade a finais de maio ou principios de xuño. Nas recuperacións dos libros de lectura, o alumnado optará a *ἄπτοῶ* ou *ἔνῶν ἄπτοῶ* sen outro tipo de cualificación.

Non haberá recuperación por avaliacións.

A final de curso, o/a alumno/a que non logre acadar o 5 despois de facer a media ponderada das tres avaliacións, terá que recuperar a(s) avaliación(s) que teña suspensas.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Segundo o artigo 7.7. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia: «Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres sesións podería coincidir coa avaliación final do período ordinario. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias. As avaliacións finais ordinaria e extraordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso».

En primeiro lugar, seguirase o disposto no Artigo 51. da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación que alude ao Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar e que dita o seguinte:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.

A alumna ou alumno e os seus familiares ou tutores legais serán informados polo profesor/a da materia dos contidos do plan de reforzo e, máis concretamente, dos requisitos necesarios para aprobar a materia pendente. Desta información quedará constancia por escrito no departamento.

c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación. Serán os establecidos na PD, coas oportunas modificacións, se for necesario.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento. As estratexias serán distintas ás empregadas habitualmente na aula co resto do alumnado, xa que a falta de presencialidade na aula obriga a establecer uns mecanismos de seguimento máis ríxidos para que a alumna/o non esqueza dedicarse tamén a esa materia.

e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento. Os recursos materiais son: computador portátil, impresora, libros de consulta, dicionarios dixitais ou en papel. Empregarase a aula virtual, ABALAR e/ou Edixgal outros medios dixitais.

f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización. O alumnado deberá realizar para a suza preparación as actividades propostas de cada unidade, que deberá entregar ao profesor/a do curso no que se atope actualmente para seren corrixidas, ao tempo que poden consultar duñbidas.

g) Seguimento e avaliación. O seguimento deste tipo de alumado establecerase a través de actividades, traballos, probas e reunións presenciais de periodicidade mensual na hora de atención ao alumnado e ás familias. Atenderase a través de medios telemáticos (aula virtual, programas específicos, ABALAR e outros medios dixitais).

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a suza avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Para a avaliación do alumnado que ten materias pendentes débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior. Polo tanto, o plan de reforzo de materias pendentes debeá elaborarse considerando esas aprendizaxes e competencias non adquiridas.

Aqueles mecanismos de avaliación que non sexan susceptibles da suza repetición, por exemplo, unha presentación ou actuación en grupo, serán avaliados mediante a adaptación a unha versión individual que permita comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados.

Para demostrar que adquiriron os mínimos de consecución e as aprendizaxes imprescindibles para superar a materia, deberán realizar tres probas, unha por avaliación. O alumnado que non supere a materia nestas tres probas deberá realizar en maio unha proba extraordinaria.

Teranse en conta estes aspectos:

-O alumnado pendente deberá superar os mínimos de consecución marcados na programación do curso no que estea suspenso. Debe entregar en tempo e forma os proxectos trimestrais non superados e/ou non entregados no curso anterior. No mes de xaneiro do curso actual, o alumnado que suspendese o primeiro proxecto do curso anterior poderá volver a entregalo para a suza recuperación. No mes de maio, o alumnado que suspendese os proxectos número 2 e/ou número 3 poderá volver a entregalos para a suza recuperación.

A realización das actividades do plan de reforzo en forma e prazo pode eximir a/o alumna/o de realizar a proba escrita se o profesor/a o considera oportuno, de non ser así, terá que realizar os exames.

As porcentaxes que se aplicarán serán as seguintes:

Táboa de indicadores (probas orais, proxectos etc.): 30%

Proba escrita: 70%

h) Acreditación da información á familia. Farase mediante un modelo existente no centro en que conste toda a información a respecto da avaliación e dos resultados do alumno que, unha vez asinado pola nai, pai ou titores legais, será remitido ao departamento.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A nosa programación non desatenderá á diversidade da aula e estará adaptada ás necesidades individuais de cada rapaz/a; isto implica empregar diferentes técnicas para asegurar o progreso educativo de todo o alumnado. Como profesor/a, para atender a esta heteroxeneidade, organizamos a nosa programación de xeito que todo o alumnado acade os mesmos obxectivos pero con estratexias metodolóxicas diferentes. Neste senso, a nosa atención á diversidade materializarase nas unidades didácticas a través das actividades de reforzo e ampliación.

Medidas ordinarias (art. 42 da orde)

Na nosa Comunidade a atención á diversidade está regulada polo Decreto 229/2011 do 7 de decembro e na Orde do 8 de setembro do 2021 que o desenvolve.

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Os principios xerais de actuación son a normalización, inclusión equidade, igualdade de oportunidades, a non discriminación, flexibilidade e accesibilidade, interculturalidade, promoción da convivencia e participación de toda a comunidade educativa.

A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado.

Na ESO resulta moi significativa a diversidade de estilos e dificultades de aprendizaxe, intereses, motivacións e expectativas de futuro que presenta o alumnado; de aí a obriga de abordar esta realidade para cumprir o obxectivo fundamental de responder ás necesidades educativas de todos os alumnos.

Dado que se tomaron Medidas de tipo organizativo (Reforzo Educativo e Desdobramentos) o profesorado, alén de ter en conta as necesidades do seu grupo, poderá separar o alumnado con maiores dificultades durante estas horas a maiores polo que deseñará estratexias de carácter ordinario, sempre en colaboración co Departamento de Orientación, que permitan atender a diversidade dentro da aula. Estas medidas buscan flexibilizar a programación para responder a unha realidade non homoxénea e inciden no tipo de actividades propostas, na selección dos materiais, nas estratexias organizativas e mesmo nos criterios de avaliación, tomando como referencia os contidos mínimos sinalados. As medidas contempladas son:

- 1.- Secuenciación de contidos que asegure aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.
- 2.- Agrupamentos flexibles que permiten contextos de aprendizaxe colaborativos (Reforzos, Desdobramentos)
- 3.- Diferentes tempos de realización de actividades en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- 4.- Recursos e materiais diferenciados para observar os distintos estilos de aprendizaxe.
- 5.- Criterios de avaliación que contemplen os diferentes puntos de partida e os diferentes graos de consecución de obxectivos.
- 6.- Actividades de ensinanza-aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade, entre as que tamén se contemplan:

Actividades de reforzo para os alumnos que non seguen o ritmo de aprendizaxe do grupo. Nun caso como o da lingua galega, a bagaxe previa non é a mesma en todos os alumnos. Polo tanto, contémpnanse actividades de distinto grao de dificultade (interferencias do castelán, coñecementos sobre ortofonía, expresións, locucións ou frases feitas, etc.) para cada nivel axeitado.

No apartado de literatura e tipoloxía textual, inclúiranse comentarios de textos sinxelos guiados mediante unha serie de preguntas que inciden nos aspectos e características máis relevantes destes. Por último, contémpnanse mecanismos de cooperación que evidencian a función comunicativa da lingua nun ambiente de socialización propiciatorio (tormentas de ideas, corrección colectiva, traballos en grupo ou postas en común).

Actividades de recuperación para os alumnos que non acadan os obxectivos previstos ao final de cada secuencia. Consistirán en exercicios, así como lecturas de fragmentos de obras literarias que axuden a comprender o autor, a súa obra e a época en que está escrita, e que tamén se usan para ler en voz alta, facer resumos e comentarios guiados de textos, expor a opinión etc.

Actividades de ampliación para os alumnos que avanza a un ritmo de aprendizaxe maior e así desenvolver máis polo miúdo cuestións relativas a autores determinados en cada unidade (análise de textos, breves investigacións, máis lecturas etc.) que favorezan o traballo autónomo e permitan a cada alumno e alumna aplicar o ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - a comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - a expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - a comunicación audiovisual			X			X		X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - a competencia dixital			X			X		X
ET.5 - o emprendemento social e empresarial								
ET.6 - o fomento do espírito crítico e científico	X		X		X	X	X	X
ET.7 - a educación emocional e en valores			X			X		
ET.8 - a igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - a creatividade		X	X		X	X		X

	UD 9
ET.1 - a comprensión lectora	X
ET.2 - a expresión oral e escrita	X
ET.3 - a comunicación audiovisual	
ET.4 - a competencia dixital	
ET.5 - o emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - o fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - a educación emocional e en valores	
ET.8 - a igualdade de xénero	X
ET.9 - a creatividade	X

#### Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 3º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1º Trimestre - Saída a Santiago de Compostela.	Actividade interdisciplinar con Bioloxía e Xeoloxía: visita ás instalacións de Meteogalicia, asistencia a unha obra de teatro e charla de Escola galega de consumo	X		
2º Trimestre -Saída a Rianxo	Realizarase unha visita cultural a Rianxo para visitar a casa museo de Manuel Antonio, á casa de Castelao e á de Rafael Dieste.		X	
3º Trimestre -Correlingua 2024	Actividade interdisciplinar co EDLG: participación no Correlingua da Estrada.			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
12. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos.
14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
Metodoloxía empregada
6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
21. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analizalas e comentalas na clase.
Medidas de atención á diversidade
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.

Clima de traballo na aula
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, Biblioteca, Club de Ciencia etc.).
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
17. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensinoaprendizaxe das fillas ou fillos.
Outros
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.

### Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.



## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso anterior.

A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

-Introdución.

-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

-Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.

-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para superar a materia.

-Medidas de atención á diversidade.

-A concreción dos elementos transversais.

-As actividades complementarias.

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

-A programación entregouse no prazo establecido normativamente.

-O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.

-Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.

-Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.

-En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

-Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.

-Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

-Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.

-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

-Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Tamén se tiveron en conta en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Conseguise acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.

2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.

3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.

4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.

5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.

6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.

7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (segundo os protocolos de actuación correspondentes).

8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.

9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....

10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.

11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .



12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.

13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluíranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da PD a través da aplicación PROENS.

## **9. Outros apartados**